

## **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Moitas das propostas e contidos da materia inciden directamente na estimulación de hábitos lectores e nas capacidades expresivas, pois se plantexan actividades de lectura de obras de teatro e as súas correspondentes actividades de análise e comentario.

## **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

Un dos obxectivos da materia propón coñecer os recursos de grabación en vídeo como resumen e inmortalización dunha tarefa artística efímera, o que supón tamén coñecer o funcionamento dalgún programa de edición de vídeo

## **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

A participación en actividades teatrais, artísticas e de danza de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. Se pretende, a través das actividades artísticas, a comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís. Tamén fomentar a mellora na práctica de normas sociais de convivencia e o emprego da negociación para chegar a acordos, así como a mellora da integración no grupo e no Centro, e o cumprimento das normas da clase.

## **17 – Información ás familias**

Informarase de aspectos básicos como: os contidos por avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación, os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado e as actividades de recuperación.



**RESUMO DA PROGRAMACIÓN****ARTES ESCÉNICAS E DANZA****4º ESO****Contidos por avaliación**

1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.</li> <li>▪ B1.2. Historia da ópera.</li> <li>▪ B1.3. Teatro musical.</li> <li>▪ B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.</li> <li>▪ B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.</li> <li>▪ B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.</li> <li>▪ B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.</li> <li>▪ B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.</li> <li>▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.</li> <li>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</li> <li>▪ B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</li> <li>▪ B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.</li> <li>▪ B3.12. Composición coreográfica.</li> <li>▪ B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.</li> <li>▪ B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.</li> </ul>
2ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Historia do teatro e da danza.</li> <li>▪ B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.</li> <li>▪ B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.</li> <li>▪ B1.9. Beneficios da práctica da danza e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.</li> <li>▪ B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.</li> <li>▪ B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.</li> <li>▪ B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos</li> <li>▪ B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos</li> <li>▪ B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.</li> <li>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo</li> <li>▪ B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo.</li> <li>▪ B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.</li> <li>▪ B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.</li> <li>▪ B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.</li> <li>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</li> <li>▪ B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</li> <li>▪ B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.</li> <li>▪ B3.12. Composición coreográfica.</li> <li>▪ B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.</li> </ul>
3ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Historia do teatro e da danza.</li> <li>▪ B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.</li> <li>▪ B1.6. Elementos básicos da ficción escénica.</li> <li>▪ B1.9. Beneficios da práctica da danza e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.</li> <li>▪ B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.</li> <li>▪ B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.</li> <li>▪ B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos</li> <li>▪ B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo</li> <li>▪ B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.</li> <li>▪ B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.</li> <li>▪ B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.</li> <li>▪ B3.2. Paradigmas e escolas de danza.</li> <li>▪ B3.3. Técnicas de danza</li> <li>▪ B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.</li> <li>▪ B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.</li> <li>▪ B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.</li> <li>▪ B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.</li> <li>▪ B3.9. Estructuras coreográficas</li> <li>▪ B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.</li> <li>▪ B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.</li> <li>▪ B3.12. Composición coreográfica.</li> <li>▪ B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.</li> <li>▪ B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.</li> </ul>
--	--

#### Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedemento de avaliación		Instrumento de avaliación	
Probas	<b>PROB</b>	Probas orais	<b>PROB- O</b>
		Probas escritas	<b>PROB- E</b>
		Probas prácticas (improvisacións individuais e en grupo, preparación de monólogos e coreografías, pequenos contos...)	<b>PROB- P</b>
Proxecto	<b>PROX</b>	Rúbricas de proxectos (das diferentes fases, do produto final, do proceso)	<b>R-PROX</b>
Producións	<b>PROD</b>	Rúbricas de producións (traballos, portafolio, esquemas, programa, arquivo)	<b>R-PROD</b>
Observación	<b>OBS</b>	Rúbricas de Observacións	<b>R-OBS</b>
Prácticas	<b>PRACT</b>	Rúbrica de prácticas	<b>R-PRACT</b>

#### Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Traballos individuais e en grupo de representación de esceas e coreografías	20%

Traballos teóricos individuais	10%
Traballo diario na aula	10%
Participación en representacións escénicas	20%
Probas orais e escritas	40%
Total	100%

Ao final do curso:

**PORCENTAXE NA NOTA FINAL**

1. <sup>a</sup> avaliación	3
2. <sup>a</sup> avaliación	3
3. <sup>a</sup> avaliación	4
Total	10

Faránse por separado a recuperación da parte teórica e práctica ó final de curso. A parte teórica dividirase nos tres trimestres establecidos (cada alumno/a terá que recuperar o que lle corresponda) e a parte práctica será única e igual para todos (inclúe: a representación dun monólogo preparado polo alumno/a, e a realización dunha coreografía)

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no *Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba.

No caso de detectar que se copia nalgunha proba se asume o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.

### Avaliación extraordinaria

#### Estrutura da proba de avaliación extraordinaria de setembro

Instrumento de avaliación	Porcentaxe na cualificación
Proba escrita con dous apartados: - Análise dunha manifestación artística - Preguntas teóricas	70 %
Proba práctica que constará de: - A representación dun monólogo preparado polo alumno - A realización dunha coreografía	30%

### PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

A partir dos principios educativos establecidos no borrador do proxecto educativo do centro, desde a materia de Artes Escénicas e Danza tentaremos acadar que o alumnado goce das artes (neste caso o Teatro, a Danza.. ) desenvolvendo a súa capacidade creativa. Por iso daremos prioridade ás aprendizaxes a través da experiencia a partir dunha actividade reflexiva e comunicativa para que cheguen a comprender e disfrutar das distintas manifestacións artísticas

As aprendizaxes deberán adaptarse ás características individuais dos alumnos (partir dos coñecementos que teñen os alumnos, das súas expectativas e posibilidades de éxito, das súas características persoais e intelectuais, dos seus ritmos de aprendizaxe...). De ahí

a importancia da avaliación inicial

Tamén se pretende potenciar o estudo individual, a busca autónoma de documentación, e a organización independente do traballo.

### **PROPOSTAS DE MELLORA A PARTIR DOS RESULTADOS DO CURSO ANTERIOR**

En vista dos resultados do curso anterior (100% de aprobados) non hai cambios previstos

## **ADDENDA PROGRAMACIÓN ARTES ESCÉNICAS E DANZA CURSO 2020-21**

### **4º ESO**

#### **TEMPORALIZACIÓN**

Non se contemplan variacións con respecto á orixinal.

#### **OBXECTIVOS DESTA ADAPTACIÓN**

Planificar a transición ao ensino non presencial se este fose necesario

Reforzar, partindo da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles

Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial

Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado

#### **ANÁLISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO 2019-2020**

Non se contempla